

Obradoiro IV. “Liñas estratéxicas e Lean & Green para a redución de CO₂”



05 novembro 2025



09.30h – 14:00h



Hotel Palacio del Carmen

Clusaga, en colaboración coa **Consellería de Medioambiente e Cambio Climático** no marco da **Alianza Galega polo Clima**, e con **Vegalsa-Eroski** como empresa tractora, organiza a segunda sesión do **Programa para a sustentabilidade e descarbonización da industria alimentaria galega**.

O obradoiro ten como obxectivo achegar ao sector alimentario estratexias e ferramentas para avanzar na descarbonización, a través da introdución á metodoloxía Lean & Green e da análise dos procesos loxísticos con maior impacto. Ademais, promoverase a xeración de ideas colaborativas que impulsen solucións sostibles, competitivas e respectuosas co medio ambiente.

Búscase un enfoque participativo e interactivo e traballarase a través do método de caso. Traballarase en grupo para poñer en práctica os conceptos abordados durante o obradoiro.

Para participar neste ciclo de obradoiros enmarcado no programa **Proalis Carbon**, de carácter gratuito, é necesario inscribirse a través do seguinte formulario para realizar un autodiagnóstico previo.

Más información



circular@clusaga.org



682 616 021

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

PROGRAMA

09:30 **Bienvenida**
Perla Ferrer | Clúster Alimentario de Galicia

09:40 **Obradoiro IV. “Liñas estratéxicas e Lean & Green para a redución de CO₂”**

- Abordaranse diferentes estratexias para a descarbonización do sector alimentario, e a dinámica do taller centrarase en afrontar o reto da descarbonización e a loxística, que xoga un papel clave nesta transformación.
- Coñeceremos a metodoloxía Lean & Green, unha ferramenta recoñecida en Europa para reducir as emisións de CO₂ de maneira medible e efectiva.
- Ademais, impulsarase a xeración de ideas colaborativas que permitan avanzar cara a unha loxística máis sostible, competitiva e comprometida co medio ambiente, contribuíndo así á descarbonización do sector alimentario.



XUNTA
DE GALICIA



ALIANZA
GALEGA
POLO CLIMA



COLABORA:

